



II CARREIRA POPULAR SOLIDARIA 2008

A Asociación de empresarios do Polígono do Tambre e a Fundación Compostela Deporte organizan o domingo 1 de xuño a **II Carreira Solidaria** no Polígono do Tambre en Santiago de Compostela baixo o control técnico da Delegación de Atletismo de Santiago (Federación Galega de Atletismo) e a colaboración inestimable de Proxecto Home Galicia e do atleta Pedro Nimo del Oro. A proba estará suxeita ó seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados. A clasificación será conxunta.
2. A proba terá lugar o **domingo 1 de xuño** no polígono industrial do Tambre en Santiago de Compostela.
3. Estableceranse 2 categorías de competición que participarán conxuntamente:
 - **CATEGORÍA INFANTIL**: atletas nados no ano 1993 e posteriores.
 - **CATEGORÍA ADULTOS**: atletas nados no ano 1992 e anteriores.
4. A **SÁIDA** da proba será ás **11:30 horas na rúa Vía Edison** (a carón do concesionario Noyamóvil) e seguirá un percorrido de 3 voltas un circuito de 2200 metros completando un total de **6600 metros**.
5. Outorgarase trofeo os 3 primeiros clasificados en categoría infantil e os 3 primeiros clasificados en categoría adultos (tanto en homes como en mulleres). A entrega de premios estará prevista para ás **13 horas**.

6. As inscricións deberán ser enviadas ó correo electrónico inscricionsFGAsantiago@gmail.com, ou ó nº de FAX 981 191559, e nela deberán reflexarse os seguintes datos:

- Nome e Apelidos.
- Data de nacemento completa (aa/aa/aaaa).
- Clube e nº de licencia (se a ten).
- Correo electrónico.

O prazo de inscrición rematará o venres **30 de maio** ás 14 horas.

7. Dado o carácter solidario da proba, para poder participar na mesma entregárase un **DONATIVO** no momento da recollida do dorsal (cua cuantía será persoal). Os dorsais de competición poderán recollerse nunca carpa habilitada a tal efectosita a carón da **SAÍDA DA PROBA** ubicada na rúa Vía Edison. Tódolos donativos serán entregados á organización **PROXECTO HOME GALICIA**. Toda a información referente a esta organización poderán consultala na páxina web www.proxectohome.org.

8. Agardamos de todos a máxima colaboración e deportividade. Todo o non previsto neste regulamento resolverase segundo o regulamento RFEA en vigor.